

gústame pensar que din un paso adiante,  
que o que me fixen non deixou marca,  
que todo o meu esforzo non foi en vano,  
mais cando miro o teu rostro xa o sei.

se en realidade o que non quero é obrigarche a falar conmigo,  
cando sei que non é a túa obriga.

pónome nos teus ollos;  
eu tamén falaríalle durante horas  
vislumbrar o rostro sincero,  
mais cando miro o teu rostro xa o sei.

non é obvio?  
non estás canso?

porfa déixao,  
non o intentes máis,  
vas acabar finalmente conmigo.  
non me obrigues máis.

son a señorita en cadeas de espiñas de  
rosa branca e pura.

obrígasmecas túas olladas,  
eu pensei que estaba rematando,  
mais cedo volvemos ó comezo.  
non me obrigues máis.

non pretendo poñerme en evidencia,  
malia que todos sabemos que é evidente.

evidentemente eu sigo encaixada  
nesas palabras que eu mesma me dixen,  
o camiño foi moi longo,  
mais xa non sei onde retomalo.

dar un paso e caer na nada  
dar a volta e ver os teus ollos sobre ela.